

**14.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 29 DE MARZO DE 2017.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Ausentes:**

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

**1.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

1.1.- Acordouse Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia para a celebración da XLIX<sup>a</sup> Feira do Cocido de Lalín.

**2.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS.**

2.1.- Acordouse aprobar a devolución de ingresos indebidos polo importe de 100 euros abonados en concepto de depósito previo da Taxa pola expedición de documento administrativos e servizos urbanísticos, en concreto en concepto de informe urbanístico.

**3.- SOLICITUDE DE ALTA DE AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse dar varias altas de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador.

#### **4.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

4.1.- Acordouse solicitar varias subvencións o abeiro das “*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS) 2017*”.

4.2.- Acordouse solicitar subvencións o abeiro das “*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS) 2017*”-Liña 2.

4.3.- Acordouse solicitar subvencións o abeiro das “*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN DE CONCELLOS) 2017*”-Liña 3.

4.4.- Acordouse aprobar a xustificación da subvención concedida ao Concello de Lalín ó abeiro do Plan de Concellos 2016 – *Liña 3 Actividades culturais, deportivas, sociais, turísticas e medioambientais* para a realización da actuación denominada “Gastos de funcionamento do Conservatorio Profesional de Música de Lalín”.

4.5.- Acordouse aprobar a CONTA XUSTIFICATIVA de gastos de realización do “FEIRA DO COCIDO” ao abeiro da *LIÑA 3. Actividades culturais, educativas e sociais, actividades deportivas e actividades sociais* do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2016).

4.6.- Acordouse solicitar unha subvención ao abeiro das BASES DE SUBVENCIÓNS PARA A DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA, DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

4.7.- Acordouse:

Primeiro.- conceder a baixa dos postos (127 e 132) ambos polo incumprimento do artigo 9 da Ordenanza Fiscal núm. 14 do Concello de Lalín.

Segundo.- Conceder a autorización de posto para instalación de 5 metros en posto núm. V-22.

Terceiro.- Conceder a autorización de posto para instalación de 5 metros en posto núm. V-6.

Cuarto.- Conceder autorización de posto para instalación de 5 metros en postos núm. V-21.

Quinto.- Conceder autorización de posto para instalación de 6 metros en postos núm. 132.

Sexto.- Acordouse do posto S-8 dun total de 6 metros pasando na actualidade a 4 metros.

4.8.- Acordouse aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao Concello de Lalín ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

4.9.- Acordouse aprobar a modificación do investimento a realizar e solicitar destinar dito investimento, por motivos de interese municipal, á “*Elaboración e instalación de paneis promocionais de Turismo*”, acolléndose ás Bases Reguladoras do Plan de Concellos 2016, solicitando a subvención/axuda que figura no expediente de solicitude.

## **5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

5.1.- Acordouse conceder autorización municipal para poder utilizar o Museo Municipal o día 12 de abril de 2017.

5.2.- Acordouse conceder autorización municipal para a colocación dunha mesa informativa e un panel informativo que o colectivo de pensionistas adscritos a CIG.

-----